



>>> BOLSAS DE VERÁN 2025: INMINENTE CONVOCATORIA

**BOLSAS DE VERÁN
ECOBAS**

Coming Soon!
**Curso
2024-2025**

Preparada a nova convocatoria de BOLSAS DE VERÁN ECOBAS 2025!

- Alumnado do Mestrado Interuniversitario en Economía (MEC)
- Estudiantado matriculado e con 180 créditos ECTS superados no Grao de Economía ou en ADE nas universidades do SUG

**INICIO Á INVESTIGACIÓN
EN ECONOMÍA**

A publicación desta convocatoria é inminente. Stay tuned!!



>>> **ABERTA A CONVOCATORIA DE AXUDAS ECOBAS 2025 PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+i**



XA está aberta a Convocatoria de AXUDAS ECOBAS 2025 para a realización de actividades de I+D+i, destinada ao **persoal investigador adscrito** ao centro de investigación ECOBAS:

- Obxectivo: promover e apoiar a realización de actividades de I+D+i por parte do persoal investigador do centro ECOBAS, especificamente aquelas que posibiliten o desenvolvemento das liñas estratéxicas da Axenda Científica do centro e contribúan ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS
- Dous prazos:
 - Do 14 de abril ao 31 de maio de 2025 ás 23.59 h.
 - Do 1 de xuño ao 25 de setembro de 2025 ás 23.59 h.

• [BASES DA CONVOCATORIA \(PDF\)](#) • [ANEXO I: formulario solicitude](#) • [ANEXO II: declaración de axudas](#)

Agardamos as vosas propostas!!!

AXENDA



>>> RESEARCH SEMINAR: ANDERS STENBERG

VENRES
16/05
13:00H

"Higher Vocational Education: Learning from the Swedish Experience"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online en directo.
- PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais.
- ONLINE: ECOBAS Academy. **Imprescindible** [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#).



>>> SEGREGACIÓN ESCOLAR POR ESTATUS MIGRATORIO. CORAL DEL RÍO EN PINT OF SCIENCE VIGO.

LUNS
19/05
20:00H



LUGAR: Vitruvia Café.
Praza de Compostela, 5.
VIGO.
Actividade gratuíta.

ECOBAS participa novamente no festival gratuito de ciencia en bares que, con máis dun milleiro de eventos en 75 localidades, espallará ciencia por toda España durante os días 19, 20 e 21 de maio. Nesta X Edición, a investigadora permanente e membro do Comité de Igualdade de ECOBAS, **Coral del Río**, compartirá no Vitruvia Café de VIGO os seus achados con respecto á segregación escolar por estatus migratorio, un tema de máxima actualidade que está a transformar a realidade dos centros escolares nas nosas cidades.

>>> 7TH CGD WORKSHOP ON REGIONAL DEVELOPMENT AND INNOVATION

19 e 20
MAIO

O grupo de investigación Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento Rexional na Unión Europea (GCD) liderado pola secretaria científica de ECOBAS, Emma Iglesias, organiza a séptima edición desta importante cita que este ano reúne a Relatores de primeiro nivel e influencia a nivel internacional como **Daniela Luminita Constantin**, **Katarzyna Kopczewska** e **Marcela Eslava**.

O programa conta ademais coa presentación das investigacións máis recentes de importantes voces da universidade española: **Ángel Luis Martín**, **Fernando Rubiera**, **Isidoro Romero** e **Rafael Boix**.

AXENDA



>>> OPEN LECTURE: “BUSINESS SIZE, DEVELOPMENT AND INEQUALITY IN LATIN AMERICA: A TALE OF ONE TAIL”

MARTES
20/05
12:45H

No marco do 7th Workshop on Regional Development and Innovation que organiza o GCD da UDC, ECOBAS ofrece a retransmisión en aberto da ponencia de **Marcela Eslava**, University of Andes (Colombia).

- PRESENCIAL: Facultade de Economía e Empresa da UDC.
- ONLINE: ECOBAS Academy. Imprescindible [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#).



>>> XXXII CONGRESO EBEN ESPAÑA

21 a 23
MAIO

A XXXII edición deste encontro nacional, que terá lugar na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC, propón un espazo de reflexión, debate e traballo baixo o lema «**Dinamizando o Cambio: Dixitalización para un Futuro Responsable, Ético e centrado nas Persoas**».

A investigadora de ECOBAS **Lucía Rey Ares** é a vicepresidenta do comité organizador, que conta entre os seus membros cunha notable escolma de compañeiros e compañeiras da USC.

A directora científica de ECOBAS, **María Loureiro**; o director científico do CITIUS, **Senén Barro**; e o profesor **Carlos M. Moreno** serán os keynote speakers desta XXXII edición de EBEN-España.

Informacións prácticas:

- LUGAR: Santiago de Compostela. Facultade de CC. Económicas USC.
- MÁIS INFO: congresoeben2025@usc.es
- Visita a [web oficial](#) de EBEN 2025.



>>> FORO FIREC | DIÁLOGOS SOBRE ECONOMÍA CIRCULAR

VENRES
30/05
9:00H

Organizado polo [Foro FIREC](#) que lidera o investigador permanente de ECOBAS **Juan José Pernas**, o día 30 de maio terá lugar a xornada “Diálogos de Economía Circular Local” na que poderán coñecerse os resultados do estudo elaborado pola [Universidade da Coruña](#) sobre o cumprimento da normativa de residuos e solos contaminados para unha economía circular por parte das entidades locais. O encontro, patrocinado por [VEOLIA](#) e [VIRATEC](#), conta coa colaboración da [FEGAMP](#) e [ECOBAS](#) e poderá seguirse online en directo.

- [Formaliza a túa inscrición AQUÍ](#).



ACTUALIDADE ECOBAS



>>> PUBLICADA A NOSA MEMORIA ANUAL 2024

En cumprimento do noso exercicio constante de rendición de contas e para coñecemento de toda a nosa comunidade, a sección de Transparencia da web de ECOBAS contén, entre outros documentos, as memorias de actividade que publicamos anualmente.

Nesta ligazón atoparedes xa dispoñible para lectura e descarga a correspondente a 2024, un ano para anotar:

- ECOBAS acada a acreditación como **Centro Colaborativo da Rede CIGUS**, entrando na etapa de consolidación como Centro Interuniversitario e xa na **senda da excelencia**.
- Tres dos membros do noso equipo investigador son incluídos no **World's Top 2% Scientists** de Stanford.
- A directora científica de ECOBAS é recoñecida como **Premio Wonenburger 2024**.
- E moitos outros logros e avances que veredes desgranados nestas páxinas. Moitas grazas polo voso compromiso e apoio, e boa lectura!!



ECOBAS
Economics and Business Administration for Society
MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024

Universidade de Vigo USC UNIVERSIDADE DA CORUÑA XUNTA DE GALICIA Colaboracións para Galicia Europea Fondos Europeos

[Memoria de Actividades ECOBAS 2024](#)

>>> ACCOUNTING FORUM BEST PAPER AND OUTSTANDING REVIEWER AWARDS: 2025 - HIGHLY COMMENDED PAPER PARA O ESTUDO ENCABEZADO POR ERNESTO LÓPEZ VALEIRAS



Employees' perception of management control systems as a threat: effects on deliberate ignorance and workplace deviance ven de lograr nestes días a mención honorífica no Accounting Forum 2025. Un traballo que analiza o impacto das percepcións dos sistemas de control de xestión (MCS) por parte dos empregados como unha ameaza en dúas formas de conducta negativa: ignorancia deliberada e desviación no lugar de traballo.

O artigo completo atópase dispoñible aquí.

Moitos parabéns para o noso investigador permanente e aos seus colaboradores por este novo recoñecemento!!

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

>>> ARTIGOS CIENTÍFICOS

- **Depino-Besada, N.I.; Vázquez, X.H.; Sartal, A.;** López-Manuel, L. (2025)
[An integrative review and research agenda on organizational slack: addressing assumptions, conflicted theoretical proposals and conclusions](#)
Management Review Quarterly
- **Shakina, E.;** Molodchik, M.; Daviy, A. (2025)
[Decision-making in information technology investments using synthetic control group analysis](#)
Management Decision
- **Ferro-Soto, C.;** Padin, C.; Lubbe, I. Svensson, G.; Høgevold, N. (2025)
[Determinants and outcomes of satisfaction in B2B sales relationships](#)
Journal of Business and Industrial Marketing
- Gutiérrez-López, C.; Palanca, M.B.; **González-Sánchez, M.B.** (2025)
[Determinants of knowledge transfer performance in HEIs: a comparison between disciplines through management control tools](#)
Tertiary Education and Management
- Llach, J.; **León-Mateos, F.J.; Depino-Besada, N.; Sartal, A.** (2025)
[Do green practices and technologies mediate lean manufacturing's impact on industrial performance? Evidence from the European manufacturing survey](#)
International Journal of Lean Six Sigma
- Sánchez Espinosa, K.C.; Fernández-González, M.; Almaguer Chávez, M.; **Rivo-López, E.;** Rodríguez-Rajo, F.J. (2025)
[Ecological behavior of Drechslera/Helminthosporium spores in a wheat crop in NW Spain](#)
Aerobiologia
- **Depino-Besada, N.I.; Sartal, A.; León-Mateos, F.;** Llach, J. (2025)
[Exploring the relationships between digital transformation, organizational slack and business performance: a configurational approach](#)
Business Process Management Journal
- **Hugo Pérez-Moure;** Jesús F. Lampón; **Pablo Cabanelas** (2025)
[Impacto de la transformación digital en la movilidadUn análisis de los nuevos modelos de negocio en la industria automotriz](#)
Dirección y organización: Revista de dirección, organización y administración de empresas

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

- **Mareque, M.**; Villafañe-Rodríguez, C.; Pino-Juste, M. (2025)
[The effects of personal and educational variables on the entrepreneurial culture of university students. *International*](#) (dispoñible ata o 21 de maio)
Journal of Management Education
- **Luis Otero González; Pablo Durán Santomil;** João Paulo da Torre Vieito; **Juan Carlos Reboredo** (2025)
[How to improve quality investing](#)
Business Research Quarterly
- **Itziar Sobrino García** (2025)
[La implementación de la infraestructura verde mediante la contratación pública: reflexiones sobre el contrato de mantenimiento y conservación](#)
Actualidad Jurídica Ambiental
- Alnemeiri, K.A.; Gómez, G.I.; **De Llano-Paz, F.** (2025)
[Measuring the impacts of Saudi Arabia's energy diversification strategy: A review](#)
Energy Strategy Reviews
- **Gómez, M.A.** (2025)
[Sophistication drives higher growth than naïveté in the Ak model with hyperbolic discounting: An exhaustive numerical exploration](#)
Economics Letters
- **Álvarez-Espiño, M., Fernández-López, S., Rey-Ares, L.,** Graña-Álvarez, R., Berbel-Vera, J., & **López-Valeiras, E.** (2025)
[Las restricciones en el acceso al crédito bancario y el uso de sistemas de contabilidad y control de gestión en pequeñas empresas](#)
Revista De Contabilidad Y Tributación. CEF, (507)

>>> LIBROS

- Javier Rodeiro Iglesias (coord.); M^a Montserrat Cruz González (coord.); Noelia Araújo Vila; Diego Rodríguez-Toubes Muñiz; **Nuria Rodríguez López; Ernesto López-Valeiras Sampedro;** J.M. de los Ríos Sánchez (2025): [Plan de formación de innovación 2024](#) (Universidade de Vigo)
- **M^a Asunción López Arranz; Xose Picatoste;** Fernando González Laxe (2025)
[Avanzando en los objetivos del desarrollo sostenible a través del marisqueo: mujeres pioneras](#) (Tirant lo Blanch)
- **Atilano Pena-López; Matías Membiela-Pollán** (2025)
[Economics of social relations Critical perspectives on social capital](#) (Routledge USA)

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

>>> CAPÍTULOS DE LIBROS

- **Elena Rivo López; Mónica Villanueva Villar;** María Carmen Pardo López (2025)
[La sostenibilidad medioambiental: un análisis a través de los informes de sostenibilidad](#)
Libro: El agua como recurso sostenible: ciencia, empresa y bienestar.
Servizo de Publicacións; Universidade de Vigo
- Fernández Fernández, Loreto; **Bastida, María; Vaquero García, Alberto** (2025)
[As percepción do emprendedores galegos sobre os modelos de economía social](#)
Libro: Informe da economía social en Galicia 2023
- Filipiak, B.Z.; **Martínez Salgueiro, Andrea** (2025)
[ESG finance](#)
Libro: Financial Innovation and Sustainability: Green, Blue and Sustainable Finance. *Taylor and Francis.*
- **María Bastida; Miguel Á. Vázquez Taín;** María Luisa del Río Araújo (2025)
[La ceguera de género en los Fondos 'Next Generation EU' El PERTE de Economía Social como excepción a la norma](#)
Libro: Fomento de la economía social: instrumentos fiscales y de políticas públicas: La administración pública y la economía social: aliados para una prosperidad inclusiva.
Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa, CIRIEC
- **Luis Otero González; Pablo Durán Santomil; M^a Celia López Penabad** (2025)
[Gestor del riesgo financiero](#)
Libro: Fundamentos de la empresa familiar. *Aranzadi La Ley*
- Maite Cancelo Márquez; **María Bastida Domínguez** (2025)
[Segunda Estrategia gallega de Economía Social: Horizonte 2027.](#)
Libro: Fomento de la economía social: instrumentos fiscales y de políticas públicas: La administración pública y la economía social: aliados para una prosperidad inclusiva.
Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa, CIRIEC
- **Picatoste, X.;** Tirca, D.M.; **Novo-Corti, I.;** Picatoste-Novo, I. (2025)
[Blue finance](#)
Libro: Financial Innovation and Sustainability: Green, Blue and Sustainable Finance. *Taylor and Francis.*

CONVOCATORIAS



>>> [PROGRAMA ATRAE. CONVOCATORIA 2025.](#)



Aberto o prazo para a presentación de solicitudes á Convocatoria do programa ATRAE 2025, de axudas para incentivar a **incorporación de talento investigador consolidado**, de recoñecido prestixio internacional e que desenvolvese recentemente un período relevante da súa actividade profesional no estranxeiro, a universidades e centros de investigación españois.

Este programa oferta un financiamento de 1 millón de euros para desenvolver un proxecto de investigación novidoso durante 4 anos. O financiamento estará destinado, en parte, ao financiamento da contratación do investigador/a coa categoría de investigador/a distinguido/a (cun salario de entre 80.000 e 110.000 euros brutos anuais, máis custes de Seguridade Social).

As axudas se concederán en réxime de concorrencia competitiva e o prazo desta chamada permanecerá aberto **ata o día 5 de xuño de 2025 ás 14.00 horas**.

>>> [CONVOCATORIA KIC WATER PARA TRANSFORMAR OS SECTORES DA AUGA, MARIÑO E MARÍTIMO EN EUROPA](#)



O Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT), ten aberta a convocatoria para a creación do novo partenariado **KIC Water: Transforming Europe's Water, Marine and Maritime Sectors**, unha iniciativa destinada a **impulsar a transformación sostible** destes sectores en Europa.

- Obxectivo: lograr a sustentabilidade financeira máis aló do financiamento do EIT, fomentando a cooperación entre educación, investigación e industria.
- Prazo: **ata o 17 de xuño de 2025**
- [Información completa aquí.](#)

>>> [LIFE CALLS FOR PROPOSALS 2025 | EUROPEAN CLIMATE, INFRASTRUCTURE AND ENVIRONMENT EXECUTIVE AGENCY](#)



Esta convocatoria dispón de sesións informativas programadas para a súa emisión entre o 13 e o 15 de maio.

[Preme aquí para máis información.](#)

>>> [PUBLICADA A CONVOCATORIA 2025 PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO R3 COMO INVESTIGADOR/A ESTABLECIDO](#)

PRAZO de presentación de solicitudes: do 28 maio ao 18 xuño ás 14:00 h (hora peninsular)

POSGRAO E PREDOCS



>>> AXUDAS DO PROGRAMA GALICIA INVESTIGA IGUALDADE PARA O APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, EXERCICIO 2025

A Consellería de Política Social e Igualdade vén de publicar a Orde de 30 de abril de 2025 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do programa Galicia Investiga Igualdade para o apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025.

- [Convocatoria no DOG](#)
- [Guía informativa](#)
- Consulta os prazos para presentar a declaración de interese na túa universidade

>>> BRITISH SPANISH SOCIETY SCHOLARSHIP 2025

A British Spanish Society ten aberta a convocatoria para o seu programa de becas 2025 dirixido a estudiantado de posgrao. Dende hai case dúas décadas, este programa apoia o talento británico e español en todos os ámbitos do coñecemento.

- Toda a información do proceso, [aquí](#)
- As persoas interesadas deben contactar con Lisa Chambers, Secretaria de Becas da Society: info.scholarship@britishspanishsociety.org
- [Prazo](#) para presentación de candidaturas aberto **ata o 23 de maio**.

>>> GUÍAS SOBRE TRATAMENTO DE DATOS EN PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

O Grupo de Traballo de Delegadas e Delegados de Protección de datos das universidades españolas dentro da [Sectorial de Secretarías Xerais da CRUE](#) que coordina a USC vén de poñer a disposición as seguintes guías sobre tratamento de datos en Proxectos de investigación e elaboración de teses de doutoramento e TFG e TFM:

- Guía para persoas investigadora e xestoras da investigación: **Protección de datos nos proxectos de investigación**
- Guía para usuarios: **“Conceptos básicos para o tratamento de datos persoais no proceso de elaboración dunha tese de doutoramento, traballo de fin de titulación ou calquera outro traballo académico que realice o alumnado”**



crue
Universidades
Españolas

MÁIS COMUNIDADE



>>> INTERNATIONAL CONFERENCE ON TOURISM AND HOSPITALITY MANAGEMENT (ICTHM2025)

A cidade de Porto acolle o workshop que está a organizar ISAG - European Business School en colaboración con CICET-FCVC - Centro de Investigación em Ciências Empresariais e Turismo da Fundação Consuelo Vieira da Costa os días 10 e 11 de xullo.

A reflexión sobre os desafíos e innovacións do sector do turismo e a hostelería pivotará sobre tres temas principais:

- 🌱 Sostibilidade e prácticas rexenerativas
- 🤖 Transformación dixital e intelixencia artificial
- 💡 Innovación en xestión de operacións e experiencias turísticas

A información completa na [web do ICTHM2025](#)

>>> [PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO CELIA BRAÑAS](#)

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC), coa colaboración da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación, convoca a décima edición do Premio de Xornalismo Científico Celia Brañas. Requisitos:

- Poderán concorrer pezas xornalísticas de carácter informativo, escritas ou audiovisuais, publicadas ou emitidas entre o 1 de maio de 2024 e o 14 de abril de 2025 en calquera medio galego.
- Tema: calquera aspecto relacionado coa ciencia que se fai en Galicia.
- Xéneros: noticia, crónica ou reportaxe.
- Dotación: Premio de 3.500 € netos e Accésit de 1.500 €.
- Prazo para a presentación de candidaturas: ata o **15 de maio de 2025 ás 15.00 horas**



ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

